PROGRAMACIÓN DOCENTE

FUNDAMENTOS DE METEOROLOXÍA

curso 2020-21

ESQUEMA XERAL

i. Datos descritivos da materia
ii. Contexto da materia
iii. Obxectivos xerais
iv. Adquisición de destrezas e habilidades
v. Volume de traballo
vi. Distribución de contidos: teóricos e prácticos
vii. Metodoloxía docente
viii. Avaliación da aprendizaxe
ix. Observacións

I.- DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA.

Nome da materia	Fundamentos de Meteoroloxía
Código	181010613
Curso	3º
Créditos Totais	3
Horas totais de traballo da/o estudante	75
Cuadrimestre (especificar 1º/2º)	1º
Lingua na que impartirá a materia (galego/castelán)	Galego

I.1. Profesora/Profesor:

Profesor/a	**Créditos (especificar A, P ou V)**	**Horario titorías**	**Lugar de Impartición**	**Lingua**
Marisela Des Villanueva	A	Luns a Venres (12:00-13:00)	Laboratorio 2.10 (Edificio Campus da Auga)	Galego Castelán

A = aula P = laboratorio V = viaxe de estudos

I. 2. Coñecementos previos aconsellados para cursar a materia, <u>se procede</u>:

Teóricos:

Prácticos:

Observacións: Non se precisan coñecementos previos.

II.- ENCADRAMENTO DA MATERIA NO CICLO INTENSIVO

- Programa de maiores da Universidade de Vigo (Campus de Ourense)

III.- OBXECTIVOS XERAIS

- Dar unha visión global sobre os coñecementos fundamentais relacionados ca meteoroloxía. Búscase que o alumnado adquira coñecementos teóricos para posteriormente aplicalos a problemas prácticos.

IV.- ADQUISICIÓN DE DESTREZAS E HABILIDADES

Espérase dos alumnos:

- Adquirir coñecementos teóricos básicos relativos a meteoroloxía. Exemplos:
  - Que se entende por meteoroloxía?
  - Cales son as diferentes capas da atmosfera e as súas propiedades?
  - Cal é a diferenza entre tempo e clima?
  - Cales son os diferentes climas da Terra?
  - Que é unha borrasca/anticiclón e como condicionan o noso clima?
  - Que é o Efecto Invernadoiro? Cal é a súa importancia no clima?
  - Que é o proceso de El Niño? Cal é a súa importancia para clima global?

- Coñecer os procesos físicos que se agochan detrás dos fenómenos meteorolóxicos. Exemplos:
  - Que posibilita os procesos meteorolóxicos na Terra?
  - Existen procesos meteorolóxicos en tódolos planetas?
  - Por que se producen as estacións?
  - Que factores inflúen para que se produzan fenómenos como as treboadas, choiva, arco iris, etc?
  - Como se forma unha nube? E a néboa?

- Localizar en diferentes sitios web datos climatolóxicos e meteorolóxicos:
  - Onde se poden localizar datos históricos de precipitación, vento, temperatura, etc?
  - Como se realiza unha predición meteorolóxica?
  - Que información podo atopar na web da Axencia Española de Meteoroloxía (AEMET)? E na web de Meteogalicia?

- Interpretar mapas meteorolóxicos e datos climatolóxicos:
  - Cales son as pasos a seguir para coñecer o tempo a partir dun mapa de isóbaras?

- Recoñecemento do instrumental básico utilizado en meteoroloxía:
  - Que instrumentos se utilizan para medir o vento, choiva, temperatura, radiación, humidade, etc?
  - Ademais das estacións meteorolóxicas, que outras forma de obter datos existen?

- Cambio climático:
  - Existe o cambio climático?
  - Como variou o clima ó longo da Historia?
  - Como afecta o cambio climático ó clima nas nosas latitudes?
  - Como se prevé que vai variar o clima no futuro?

V.- VOLUME DE TRABALLO

Técnica	Horas presenciais aula	Horas presenciais fora da aula	Factor de traballo do alumno	Horas de traballo persoal do alumno	Horas totais do alumno	Créditos
Clase maxistral	20			30		2
Prácticas	10			15		1
Viaxe de estudos						
Probas de avaliación						
Total	30			45		3

VI.- DISTRIBUCIÓN DE CONTIDOS

Programa teórico

Tema	Contidos	Duración
1	A meteoroloxía na Historia e na mitoloxía	2
2	Introdución á meteoroloxía	2
3	Variables meteorolóxicas	3
4	Frontes, borrascas, anticiclóns e teleconexións	3
5	Meteoros, precipitación e nubes	3
6	Predicindo o tempo	3
7	Fenómenos extremos e curiosos	2
8	Mudanza climática	2

Programa práctico (se o houbera)

Tema	Actividades a desenvolver	Duración
1	Visualización de material divulgativo	4
2	Interpretación de mapas meteorolóxicos	2
3	Identificación de instrumentos de medición	2
4	Análise de sitios web con información meteorolóxica e climatolóxica	2

Viaxes de estudo (se as houbera)

Tema	Actividades a desenvolver	Duración
1		

Bibliografía básica

Lage González, A., & Salsón Casado, S. (2003) *Fundamentos de meteoroloxía e climatoloxía*. Consellería de Medio Ambiente, Xunta de Galicia.

Nadal, I. S., & Muñuzuri, V. P. (2006). *Fundamentos de meteorología* (Vol. 6). Univ Santiago de Compostela.

Bibliografía complementaria

VII.- METODOLOXÍA DOCENTE

Clases

A parte teórica da materia levarase a cabo ca axuda de presentacións.

Prácticas (se procede)

Terán lugar na mesma aula na que se impartirá a parte teórica e consistirán en diferentes exercicios nos que se buscará que o alumnado aplique os coñecemento teóricos adquiridos previamente.

Viaxes de estudo (se procede)

VIII.- AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE

- Avaliación continua tendo en conta a asistencia as clases, a participación activa, resolución de exercicios e a posta en común de opinións.
- No caso de que se suspenda a docencia presencial a avaliación realizarase por medio de exercicios prácticos e entregables.

IX.- OBSERVACIÓNS

Dependendo do número de alumnos valorarase visitar algunha das estacións meteorolóxicas próximas ó Campus Universitario.